# Valón.com

XUÑO 2021 Nº17

UNHA PUBLICACIÓN DO CEIP PLURILINGÜE A LAXE




# XELA ARIAS

# 2021



EDITORIAL

Un curso remata e unha nova revista chega para entreter o noso lecer e amosar dun xeito gráfico parte do traballo realizado ao longo deste periodo. Non foi un ano fácil para ninguén, os mestres tivemos que adaptar a nosa labor ás novas circunstancias e para as familias supuxo tamén uns cambios nas actividades cotiás cheos de complicacións.

Por todo iso chegado este momento cómpre agradecer todo ese esforzo feito polas familias para poder ter o colexio funcionando con normalidade dentro desta situación anormal. Agradécese o respecto ao uso da máscara, da hixiene, desa mentalización no alumnado que xa viña aprendida das casas; da rapidez na comunicación dos casos; no esforzo por respectar as corentenas... en resumo, as familias fostes o piar fundamental para soster a estrutura escolar ao longo de todo o curso.

Agora que xa estamos a piques de ir de vacacións vemos que a situación mellorou moitísimo e o futuro curso ven cheo de positividade coa satisfacción de ter aprendido unha lección que non viña nos libros e que aprobamos con moi boa nota.

Non puidemos facer saídas, que sempre complementan a formación do alumnado; nin actividades con presenza das familias, como as nosas festas do Magosto, a carreira pola paz, Nadal... por todo iso botámosvos moito de menos así como os vosos fillos e fillas que sempre disfrutan coa vosa presenza no cole. O vindeiro curso- se nolo permiten- teremos que compensar esa carencia.

Despedimos o curso cunha saída para deixar bo sabor de boca e con esta revista que agardamos sexa do voso agrado.

O desexo de todo o Claustro de mestres é que teñades unhas boas vacacións e que carguedes as pilas para volver en setembro con forza e ánimo.



# CONTIDOS


DEDICATORIA DA ANPA ........ 1

EDUCACIÓN INFANTIL ........ 3

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA ........ 9

PLÁSTICA ........ 14

TERCEIRO DE PRIMARIA ........ 15

PLÁSTICA ........ 19

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA ........ 30

PLÁSTICA ........ 33

VOZ NATURA ........ 35

ENTREVISTA A ROBBIE (AUXILIAR DE CONVERSA INGLÉS NATIVO) ........ 38

QUINTO DE PRIMARIA ........ 40

SEXTO DE PRIMARIA ........ 56

PLÁSTICA ........ 60

COLLAGE DE ROBBIE CO ALUMNADO ........ 61

RETOS MATEMÁTICOS ........ 62

PLÁSTICA ........ 64

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS ........ 65

DESPEDIDA DE SEXTO ........ 67

Saúdos da ANPA,

Antes de nada queremos enviarlles unha mensaxe de agradecemento ás familias polo seu apoio e templanza nun momento tan difícil coma o que vivimos este ano. Este curso demostrou a importancia que ten a colaboración entre todos/as (familias, colexio e ANPA) para levar o mellor posible unha situación de incertidume que, vista agora en perspectiva, resultou máis levadeira do que pensabamos cando comezou o curso.

Debido á situación de pandemia, este ano a ANPA non puido organizar moitas das actividades que viñamos de organizar outros anos.
No mes de outubro agasallamos aos nenos/as cunha piruleta de chocolate en forma de cabaza con motivo do Magosto.
Antes das vacacións de Nadal, Papá Noel levou churros por xentileza da ANPA aos nenos/as e docentes e, coma tódolos anos, puxemos á venda o calendario coas fotos de cada curso. Consideramos o calendario un agasallo moi especial da nosa ANPA, xa que con él podemos ver como van cambiando os/as nosos/as fillos/as ao longo do tempo e, cando rematen primaria, lles quedará un bonito recordo dos seus anos no colexio.
No Entroido agasallamos aos nenos/as con máscaras para personalizar e deseñar coas que pasaron un bo rato.

Ao longo do curso fomos transmitindo a información sobre diferentes charlas que a Federación de Anpas de Ferrolterra e Anpas Galegas foi organizando sobre temáticas moi interesantes: dende a xestión do uso das pantallas ata un seminario sobre problemas de aprendizaxe e desenvolvemento motor organizado en colaboración co Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia.
En Xaneiro asistimos á primeira das asembleas para a creación dun plan específico para os colexios do rural, organizada pola Confederación de Anpas Galegas.
No mes de febreiro participamos na organización da charla “Acompañar a sexualidade na infancia” xunto coa ANPA do CEIP San Xoán de Filgueira.
Tamén no mesmo mes participamos no programa de radio “Voces de Ferrol” de Radio Voz, para tentar dar a coñecer o noso colexio coincidindo coa época de matrículas.

Coma no curso pasado deunos moita pena non poder participar en Brinquedia nin organizar a convivencia de Fin de Curso que sabemos que tanto gusta aos nenos/as e ás familias. En vez dela, agasallamos aos nenos/as cun libro personalizado adaptado á súa idade para que polo menos leven un recordo agradable dun curso complicado para todos/as. Aos nenos/as de sexto agasallámoslles, ademáis do libro, unha taza cun deseño exclusivo co noso colexio e invernadoiro. Esperamos que sexan moi felices nesta nova etapa que lles toca vivir!

Para rematar queremos agradecer o grande esforzo de toda a comunidade educativa do noso colexio, que a pesar da situación e a incertidume, demostraron ser uns profesionais cunha grande capacidade de adaptación e empatía cos seus alumnos/as e familias. Neste senso nada sería posible sen unha ENSINANZA PÚBLICA DE CALIDADE que en moitas ocasións sai adiante a pesar da falta de medios e persoal. Esperamos que esta situación nos fixera ser conscientes da súa enorme importancia.

Desexamos que o próximo curso a "nova normalidade" nos permita volver facer moitas das actividades que con tanta ilusión organizamos cada ano.

A Directiva



# EDUCACIÓN INFANTIL

Ola amigos/as,

este curso fomos verdadeiras superheroínas e superheroes. É verdade que foi algo diferente a causa da situación provocada polo Covid- 19, pero iso non fixo que perderamos o sorriso e a ilusión por aprender, desfrutando de cada actividade e experiencia vivida na aula.



Levamos a cabo varios proxectos: o corpo humano, realizando talleres dos sentidos, dos órganos, dos médicos, de alimentación saudable e de actividade física; a granxa, que nos permitiu coñecer mellor o traballo do granxeiro/a e os animais que viven nela; e as árbores, identificando as que temos no centro e valorando a importancia do seu coidado.






FRANCISCO


DANIELA
MARCELO

O día que celebramos o Samaín atopamos unha sorpresa na aula: un agasallo que só poderiamos abrir se resolviamos unhas probas. Traballando en equipo logramos descifrar as pistas e descubrir a sorpresa.













No Nadal vivimos un día máxico: recibimos a visita de Papá Noel que nos trouxo chocolate con churros e convertémonos en magos/as grazas ao poderes que nos pasou o mago Martín.








Tamén traballamos as emocións a través dos contos grazas á colaboración das familias: ledicia, medo, ira, etc.












No Entroido disfrazámonos de escultores homenaxeando ao Mestre Mateo, un dos artistas da Catedral de Santiago e bailamos o rap da Saia de Carolina de Uxía Lambona.



Ademais celebramos diferentes conmemoracións: Día da Paz, Día da Muller, Semana da prensa e por suposto a Semana do libro, onde nos convertemos en escritores e elaboramos un libro no que nós eramos os/as protagonistas, posto que nos convertemos en superheroínas e superheroes para salvar o planeta.




Na clase contamos cunhas amigas moi especiais, as eirugas de seda. Observámolas durante varias semanas vendo como crecían e se convertían en crisálidas, para despois poder ver as bolboretas. Cada día estabamos desexando ver como estaban e darlles de comer.





O 25 de Novembro, día internacional contra a violencia de xénero, fixemos a lectura do conto: *Arturo e Clementina.*

Logo traballamos na historia desta parella e sacamos as nosas propias conclusións.













## O 24 de febreiro celebramos o día de Rosalía de Castro, ilustrando un dos seus poemas.






Xan vai coller leña ó monte,
Xan vai compoñer cestos,
Xan vai poda-las viñas,
Xan vai a apaña-lo esterco,

e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
e vai á fonte por auga,
e vai a misa cos nenos,
e fai o leito i o caldo...

Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos que a casa muller
lle conviña un polo menos

(un para cada muller).

Pero cando un busca un *Xan*,
casi sempre atopa un *Pedro*.






Tamén nos convertemos en pequenos **científicos**, realizando algún experimentos na aula.

## Neve na aula





## Arco da vella





## Mesturamos cores









Fixemos a nosa propia **OCA** ambientada no **Camiño de Santiago**






Logo xogamos usando os **robots** como fichas de equipo.







Nas áreas de **Ciencias** fixemos os nosos **lapbooks**, plasmando todo o traballado na aula.

## O NOSO CORPO







## OS SERES VIVOS







## A TERRA NO ESPAZO






# ARTS & CRAFTS
# HUNGRY PIRATES























OS NENOS E NENAS DE 3º DE PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE DE A LAXE ESTAMOS A REALIZAR UN PROXECTO SOBRE AS **EMOCIÓNS**.




Nun primeiro momento, para reforzar a pertenencia de grupo, fixemos unha encuesta para atopar un nome molón co que identificarnos.







Tamén pensamos e escollemos uns lemas que nos poderían axudar a mellorar.

LOGO CHEGARON AS NOSAS CAIXAS, ONDE COMPARTIMOS COA CLASE OS NOSOS TESOUROS: XOGUETES, FOTOS DE VIAXES E TAMÉN DAS PERSOAS IMPORTANTES DAS NOSAS VIDAS.

Daba un pouco de corte falar das nosas vidas, pero tamén nos fixo moita ilusión.











Si contamos e explicamos como somos, os nosos gustos e aficións, estamos dando a oportunidade de que nos coñezan mellor e o grupo sairá reforzado.



Os profes tamén participaron de todas e cada unha das actividades.






O seguinte paso foi crear unha "REDE DE APOIOS". No taboleiro da aula ofrecemos, pero tamén solicitamos algo aos nosos compañeiros/as.

E agora e ata rematar o curso estamos a traballar as distintas emocións, contando as nosas vivencias e experiencias en relación ao universo dos nosos sentimentos e sensacións.







Viernes 5 Marzo
Venres 5 Marzo
Friday 5th March
TikTok
PlayStation



Venres 5 Marzo
Friday 5th March
TikTok


PAPER WEAVING
BY RODRIGO


PAPER WEAVING
BY MARCELA


friday 5th March 2021
PAPER WEAVING
BY CELIA


Venres 5 Marzo 2021
Friday 5th March 2021
PAPER WEAVING
BY RODRIGO


Viernes 5 Marzo
Viernes 5 Marzo
5th March
PAPER WEAVING
BY SARA


Friday 5th M
PAPER WEAVING
BY JUAN


PAPER
WEAViNG
BY MARTÍN


Friday 5th
PAPER WEAVING
BY CANDELA














# ARTS & CRAFTS
## FOIL DRAWING

















Os alumnos e alumnas de 3º e 4º de Primaria fixeron un traballo de investigación sobre aquelas mulleres científicas que romperon moldes e que cas súas investigacións fixeron grandes descubrimentos.

# AS MULLERES NA CIENCIA





**MADAME CURIE**

Gañadora de 2 Premios Nóbel de Química.



**HIPATIA DE ALEJANDRÍA**

A primeira muller científica da historia.












**HEDY LAMARR**

Inventora dun sistema de comunicación precursor do GPS, WIFI E BLUETOOTH



**MARGARITA SALAS**

Investigadora española recoñecida a nivel mundial polos seus estudos sobre o ADN










## ROSALIND FRANKLIN

Primeira persoa en fotografar a doble hélice de ADN.







## ADA LOVALACE

Considerada a primeira muller programadora e creadora de algoritmos de computación.




## ELIZABETH BLACKBURN

Premio Nóbel de Medicina no 2009 polos seus estudos sobre a Telomerasa.






# ARTS & CRAFTS

## PAINTING PLATES




































# REINTERPRETANDO A FEDERICO GARCÍA LORCA

***El lagarto está llorando.***
***La lagarta está llorando.***
***El lagarto y la lagarta***
***con delantalitos blancos.***
***Han perdido sin querer***
***Su anillo de desposados.***
***¡Ay, su anillito de plomo,***
***ay, su anillito plomado!***
***Un cielo grande y sin gente***
***monta en su globo a los pájaros.***
***El Sol, capitán redondo,***
***Lleva un chaleco de raso.***
***¡Miradlos qué viejos son!***
***¡Qué viejos son los lagartos!***
***¡Ay cómo lloran y lloran!***
***¡Ay! ¡Ay! Cómo están llorando!***

**Federico García Lorca**

















# VOZ NATURA

Este curso todo o alumnado do centro realizamos diversas actividades dentro do Proxecto Voz Natura, fomentando en todo momento o respecto e coidado do medio ambiente: plantamos leitugas e amorodos no noso invernadoiro; elaboramos uns maceteiros reciclando palés, continuamos coas ECOPATRULLAS formadas o curso anterior, vixiando que o noso centro sexa un espazo limpo; plantamos kiwis, dos cales estamos desexando recoller os seus froitos; e elaboramos manualidades con materiais de refugallo.


















5 y 6
PRIMARIA



Ademais elaboramos un vídeo de promoción do Camiño de Santiago, salientando a importancia de coidar o entorno que nos rodea, posto que é un ben de todos.



# INTERVIEWING ROBBIE, OUR CONVERSATION ASSISTANT



**ANTONIO**: What's your name?
**ROBBIE**: My name is Robbie Taylor

**MARTÍN**: How old are you?
**ROBBIE**: Im twenty-three years old.

**EMILIO**: Where are you from?
**ROBBIE**: I'm from the UK.

**CELIA**: What's your favourite food?
**ROBBIE**: My favourite food is vegetal lasagna.

**LUCAS**: What's your favourite computer game?
**ROBBIE**: It's FIFA.

**SARA**: Do you like reading books?
**ROBBIE**:Yes, I do.

**IANIRE**: What type of books do you prefer?
**ROBBIE**: I like reading fiction books.

**NADIA**: Do you like playing tennis?
**ROBBIE**: Yes , I like.

**NADIA**: Do you like spiders?
**ROBBIE**: No, I don't. I hate spiders.
**EMILIO**: What's your favourite colour?
**ROBBIE**: It's red.

**MARTÍN**: Can you ride a bike?
**ROBBIE**: Yes, I can.

**SARA**: Do you like music?
**ROBBIE**: Yes, I do.

**SARA**: What's your favourite group or singer?
**ROBBIE**: Arcade Fire, a Canadian group.

**SARA**: What time do you have dinner?
**ROBBIE**: I have dinner at eight o'clock.

**CELIA**: What's your favourite subject?
**ROBBIE**: My favourite subject is Geography.

**CELIA**: Do you live in a house or a flat?
**ROBBIE**: I live in a flat.

**MARTÍN**: What's your favourite film?
**ROBBIE**: Back to the future.

**MARTÍN**: Do you like Spanish language?
**ROBBIE**: Yes I do.

**ANTONIO**: Are you good at Maths?
**ROBBIE**: Yes,I am

**ANTONIO**: Are you good at Science?
**ROBBIE**: More or less

**ANTONIO**: What's your favourite football team?
**ROBBIE**: Southampton.

**LUCAS**: What's your favourite animal?
**ROBBIE**: Otters are my favourite animals.

**LUCAS**: What do you  do in your spare time?
**ROBBIE**: I like hiking and riding my bike.

**EMILIO**: Do you like the beach?
**ROBBIE**: Yes, I do, but I prefer the mountain.

**EMILIO**: Do you like cats?
**ROBBIE**: Yes, I do, but I prefer dogs.

**EMILIO**: Do you like Spain?
**ROBBIE**: Yes, I do.

**MARTÍN**: Do you like this school?
**ROBBIE**: Yes, I do.

## *ALL THE STUDENTS:*

## Thank you, Robbie! 🤗

## We'll miss you! 😔

## GOOD LUCK! 🍀



# 5º de primaria

Víctor, Mónica, Candela, Paula, Pablo, Jacobo, Samuel, María, África, Xavi, Sofía y Julián.



## As aventuras do tolo curso de 5º de primaria.

Cando cheguei ao CEIP 'A Laxe' esperaba atoparme cun curso normal e corrente onde o alumnado estivese ansioso por aprender e exprimir a experiencia educativa ao máximo. Era unha idea un tanto idealizada do concepto dun "curso normal" pero pensei que, polo menos, podería achegarse un pouco.

Pola contra, atopeime cunha clase chea de pequenos aventureiros, moi traviesos, que, en canto colleron confianza, comezaron a dicir cousas moi extrañas. Teño que deixalo por aquí escrito por se algún día perdo a cabeza totalmente. Tedes que saber que os responsabeis foron os meus alumnos de 5º.

Primeiro foi a realización do corto "As hermanas Alfaia". Todo veu pola explicación da palabra **alfaia,** que en galego ten moitos significados. A obsesión polo coñecemento do idioma fixo que o corto levase o mesmo nome… verdade rapaces? Só África podería explicar realmente esta obsesión.

Cando fixemos o entroido alucinei. Imaxinade o que pode ser ver a Samuel e a Víctor así vestidos:



Ou a Pablo facendo que traballa así:



Por certo, Pablo é dos máis tolos. Se topades con el… ¡coidado! Especialmente se ten un diccionario cerca. Ate un día preguntoume se podía quedar no recreo copiando as biografías dos autores máis importantes da liña do tempo que fixemos. Vamos, un perigo de rapaz!

Menos mal que ao final decidimos disfrazarnos de apóstolos… era máis serio. E aquí sí que traballaron duro, encantoulles o brilli brilli das aureolas:








Julián tamén parecía moi normal plantando, como o vedes na foto de abaixo, pero un día fixo un conto titulado “La vida de una alcachofa en Rusia”. Sempre que me di que é un rapaz normal dígolle: demóstrao!



Xa sabedes que cada neno é un mundo. Jacobo controla do seu, e moito, que é o mundo dos insectos. Un día trouxo a súa mantis, que é unha pasada:




A Xavi o descubrín cando se atopaba con Victor facendo que conversaban tranquilamente sobre as ciencias naturais. Todavía non sei de que falaban realmente, pero seguro que do Fortnite… ou de Naruto!



Sofía e Candela controlaban a orde da clase, a paz e o bo trato entre compañeiros, ate que un día comezaron a debatir sobre quen de elas inventara realmente a receta da Coca – Cola:




En fin, que máis podo dicir?… todos están tolos a súa maneira pero dun modo divertido e o que máis importa é que son moi boas persoas. Penso que aprenderon moito (ou eso espero) e gardarán un moi bo recordo de este ano especial e complicado. Se ao final teño que recoñecer que vounos botar moito de menos…

P.D. Coidado con María. Parece tímida pero un día atopeina plantándome margaridas na cabeza.

P. D. (2) Paula e Mónica son as auténticas irmás Alfaia. Escapade mentras podades!!

A vosa profe,

Sofía

## PASATEMPOS

**(Xavi)**




**Chistes:**

**¿Por qué los cangrejos son divertidos?**

**Porque se les va la pinza.**

Samuel

Atopa as diferenzas.



Víctor

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | L | C | A | C | H | O | F | A | J | V |
| W | I | Q | U | P | E | A | Y | U | Z | E |
| R | U | Q | U | A | G | T | X | A | E | R |
| T | F | A | N | I | Ñ | Z | N | I | Q | E |
| B | X | Ñ | H | G | R | A | U | G | V | N |
| I | S | C | L | U | O | E | H | N | D | G |
| P | Q | E | K | R | Y | Ñ | J | L | O | E |
| L | C | Y | I | B | C | B | Z | X | Y | N |
| A | M | A | D | P | A | T | A | T | A | A |
| R | R | E | P | O | L | L | O | J | P | C |
| U | V | A | W | T | O | M | A | T | E | I |

## ***PON TUS PALABRAS AQUÍ***

__________ __________ __________

__________ __________ __________

Pablo

Que cor é diferente?



Candela

# Atopa estes nomes na sopa de letras

FOLLA



LANDRA



OUTONO



OURIZO



CASTAÑA



| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Q | L | X | Z | W | Y | K | J |
| C | A | S | T | A | Ñ | A | W |
| K | N | H | P | F | Y | Q | O |
| H | D | M | K | O | Y | Ñ | U |
| G | R | Q | T | L | W | Z | R |
| Q | A | Z | Y | L | Q | W | I |
| W | Y | X | Q | A | Z | Y | Z |
| O | U | T | O | N | O | K | O |

# Completa o encrucillado



Está dentro do ourizo e cae do castiñeiro



No outono caen das árbores e mudan a súa cor



Medra no outono coa choiva e o podemos atopar nos montes galegos



Froito típico do outono

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | O | | | |
| | | | | | | | U | | | |
| | | | | | | | T | | | |
| | | | | | | | O | | | |
| | | | | | | | N | | | |
| | | | | | | | O | | | |

# colorea estes debuxos:




Mónica


Colorea as partes do debuxo coas seguintes cores:
=O corpo enteiro.
=as orellas, a cola e o triangulo.
=o circulo e o ovalo do "ollo".
=o "ollo".

África

Colorea con los siguientes pasos






# SOPA DE LETRAS

**LAS SIGUIENTES PALABRAS**

CAN
PABLO
SING
MARRÓN
VERDE
AZUL
COCHE
GOMAS
LAPIZ
POLEA

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C | P | A | B | L | O | S |
| S | A | S | V | E | R | A |
| I | J | N | I | E | P | T |
| G | V | A | P | N | R | O |
| N | I | E | Z | S | G | A |
| S | R | O | R | U | O | T |
| G | C | L | A | D | L | Q |
| H | O | O | A | O | E | S |
| T | C | M | R | P | E | O |
| C | H | P | A | S | I | J |
| O | E | O | E | L | S | Z |
| C | S | P | E | L | E | A |
| M | A | R | R | O | N | P |
| N | Q | C | R | H | O | G |
| L | M | N | J | L | S | J |
| P | L | N | E | P | R | I |
| E | J | A | P | E | R | T |

3 □ - Colorea esta imaxe cos seguinte cores.

- • O tronco da árbore de cor marrón.
- • Os pollitos dos 3 cores que mais te gusten.
- • O nido dos pollitos que se esta caendo de cor marrón.
- • As follas da árbore de cor verde
- • O cesped de cor verde.
- • O río de cor azul.
- • As nubes de cor gris.
- • A barca de cor amarela



# Pasatiempos:

1. Sopa de letras, encontra istas palabras:

• Compañeiros • Colexo • Falar • Letras

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z | Q | I | L | O | Z | M | Ñ | F | Ñ | N |
| Y | G | E | X | L | Q | P | O | A | I | M |
| X | T | U | U | M | L | L | V | L | G | J |
| B | Q | R | U | E | L | E | T | A | R | S |
| K | L | P | L | O | O | T | J | R | E | S |
| A | J | G | V | X | B | R | B | X | B | Z |
| L | X | M | E | N | V | A | O | Y | A | X |
| J | V | L | N | I | U | S | O | Y | O | T |
| V | O | I | I | V | L | I | L | X | C | V |
| C | O | M | P | A | Ñ | E | I | R | O | S |

2. ☐ Marca o chiste que máis te gusto

☐ Que fai unha abella nun ximnasio.
- Zumba.

☐ Hay unha pera nunha parada de autobús e vene unha maza. e lle dix:
- Dende cando espera?
E lle dix:
- Dende que nací.

☐ Va un caracol e derrapa.

☐ Van dous nunha moto e cai o do medio.

☐ Porque un oso conta tantos chistes porque é moi chistoso.

# SOPA DE LETRAS

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O | P | Z | M | R | A | R | M | I | A |
| L | R | E | P | A | E | T | V | I | C |
| P | Z | E | O | A | M | G | I | L | O |
| A | E | I | O | G | O | A | L | L | O |
| P | U | E | A | M | A | L | A | A | A |
| Á | O | V | A | C | U | U | P | T | L |
| V | T | P | A | O | H | A | I | A | O |
| I | E | O | T | A | P | A | S | N | V |
| Ñ | O | T | O | N | T | E | I | O | O |
| O | C | A | R | P | A | T | A | A | R |

Buscar PALABRAS

- Pota
- VIÑO
- TAPA
- ATILA
- MALA
- VILA
- MIA
- AMA
- VOLA
- PAPA
- TEO
- Regla
- MAMA
- GOMA

# XELA ARIAS

# LETRAS GALEGAS

2021 2021 2021 2021 2021 2021
2021 2021 2021 2021 2021 2021
2021 2021 2021 2021 2021 2021

ROSALIA
DE CASTRO
1963

FLORENTINO
LOPEZ
CUEVILLAS
1968

RAMON
CABANILLAS
1976

FRANCISCA
HERRERA
GARRIDO
1988

# DE ROSALIA A XELA

ROSALIA DE CASTRO

LUIS
SEOANE
1994

SCAN ME

MANUEL
MURGUÍA
2000

MARÍA
MARIÑO
2007

UXÍO
NOVONEYRA
2010

CARLOS
CASARES
2017

RICARDO CARBALLO CALERO 2020

# XELA ARIAS CASTAÑO 2021

SEXTO

DE PRIMARIA



# OUR MURAL STEP BY STEP





# ARTS & CRAFTS







# ROBBIE, OUR FRIEND FOREVER

Este foi o primeiro ano no que dispuxemos dun auxiliar de conversa. A experiencia foi moi positiva, en gran medida pola calidade humana e a empatía que Robbie desenvolveu con todos nós. Thank you, Robbie!













# RETOS MATEMÁTICOS













# 6º


DOUS PATOS E TRES PATAS.
CÁNTOS PATOS E PATAS SON???
HELP ME!


UNHA MULLER EMBARAZADA E
NAI DE 6 FILLOS, CHÁMALLES POLO
SEU NOME: Domingo, Reinaldo, Miriam,
Fabiola, Sol, Fanny e Laura.
CANDO NACE O NENO, chamarase...
ALBERTO
CAMILA
JANETH
SIMÓN


XAN TEN VARIOS COCHES...
SABENDO QUE TODOS MENOS DOUS
SON VERMELLOS, TODOS MENOS DOUS SON
NEGROS E TODOS MENOS DOUS SON VERDES.
CÁNTOS COCHES TEN XAN?
GO!


¿Como?
5+5+5=550
Engade unha soa raia
para solucionalo...

6º









# ARTS & CRAFTS

## COLOUR THEORY

## ABSTRACTS























# TAMÉN NOS DIVERTIMOS...




DÍA DA PAZ


PAKOLAS









**Os maiores despídense e nós desexámoslles todo o mellor do mundo!!!**



**Por gracia de diferencias vin cheas**
**charangas e discotecas;**
**no parque**
**afogamos cunha palabra cento e mil**
**significados.**

**Tódalas nais serán nais e tódolos fillos**
**fillos**
**mais,**
**con perdón tamén**
**difiren as bandeiras e entre si os ríos.**

**Darío a diario (Vigo, 1996)  XELA ARIAS**




CEIP PLURILINGÜE A LAXE

CONCELLO: FERROL
PROVINCIA: A CORUÑA

DIRECIÓN: RÚA A TORRE S/N
CP:15593

TFNO: 881930325/26
FAX: 881930327
EMAIL: CEIP.LAXE@EDU.XUNTA.GAL


Web do Centro